

ENCUNTROS DE TECNOLOXÍAS INNOVADORAS

Automatizando a xeración de aplicacións de realidade virtual e aumentada

Programa

O CIS Tecnoloxía e Deseño, da Axencia Galega de Innovación (GAIN), dentro das súas actividades enmarcadas na rede Enterprise Europe Network organiza o venres 28 de abril unha nova xornada sobre Tecnoloxías Innovadoras.

Presentación

M^a José Mariño Fontenla
Directora de Centros da
Axencia Galega de Innovación

Entre as tecnoloxías facilitadoras 4.0 atópanse a realidade virtual (RV) e a realidade aumentada (RA), sobre as que GAIN desenvolveu varias xornadas, e agora que xa se poden considerar tecnoloxías maduras, quere seguir promocionando o seu uso entre o empresariado galego.

Invitados

Santiago González Izard
ARsoft
Jesús Garrido
Virtualware

Nos últimos anos puidéronse comprobar os beneficios da aplicación destas tecnoloxías na empresa, pero tamén como presentan algúns obstáculos que fan difícil a súa adopción pola gran maioría dos seus posibles usuarios.

Contido

Casos de uso
Fluxo de traballo
Recursos precisos
Mesa redonda

Unha desas barreiras é o esforzo que supón a xeración dunha aplicación de RV ou RA usando, por exemplo, os motores gráficos habituais, Unity ou Unreal, e as necesidades de persoal especializado para levala a cabo.

Diálogo

Nesta ocasión, o CIS Tecnoloxía e Deseño presenta dúas ferramentas que facilitan substancialmente o traballo necesario para eses desenvolvementos. Estas solucións son Eyeflow desenvolvida por ARSoft, e Viroo, desenvolvida por Virtualware.

Con esta actividade preténdese que os asistentes entren en contacto coas ferramentas facilitadoras e cos seus desenvolvedores para, posteriormente, poder dirixirse a eles, probar en detalle as ferramentas e con elas poder abordar desenvolvementos virtuais de forma autónoma.

28 de abril de 11:30 h a 13:00 h · Modalidade en liña · Prazo de inscrición ata o 27 de abril
Tfno. +34 981 337 173 · email infocistd.gain@xunta.gal